

BANDO

No día 25 de xullo, Día da Patria Galega

DECIDIR, CONSTRUIR E SUMAR POR GALIZA

Vivimos en Viana do Bolo, nun Concello galego, sentímonos orgullosos do pasado, do noso legado histórico. Sentimos orgullo de revalorizar os nosos recursos patrimoniais, materiais e inmateriais, etnográficos, ambientais, culturais... Pero tamén sentimos orgullo e ganas para acometer o futuro. Celebramos o día da Patria Galega reafirmando o noso compromiso de loita por unha Galiza dona do seu futuro.

Para celebrar este día tan fermoso, que mellor que esta fermosa poesía da nosa veciña **Nieves Fernández Vidueira**. Unha muller que representa magnificamente a defensa da nosa cultura, do noso patrimonio, da nosa economía, do rural; en definitiva do noso ser, de Galiza.

Por respecto aos devanceiros
dende as entrañas da nai,
ergámolas nosas voces
co inno de canto hai.

Non é segredo ningún
que a Galiza é unha nación,
terra que levo no sangue
e tamén no corazón.

A Galiza é o meu lar
con portas sen pechadura,
as xanelas sen barrotes
con fachos na noite escura.

Manzaneda é a noiva
que viste de branco puro,
as perlas son as folerpas
que engalanan o futuro.

As nubes que tanto choran
son as bágoas dos anceiros,
cando miran inxustizas
dos que rouban o diñeiro.

Os verdugos da lingüaxe
pouco teñen que facer,
no rural e tan sagrado
como o viño pra beber.

Eu que son filla da terra
e neta de loitadora,
entre humildade e bravura
rematei sendo pastora.

Entre Druídas guiada
co fouce na man alzada,
que sufran os rumorosos
que queren verme calada.

Reflectida nunha lúa
coa maxia do sol dourado,
polo monte verde e enxebre
gozo no chan orballado.

Como labrega navego
con chispa aprendín a andar,
entre aviador e demo
algo aprendín a voar.

Os bicos da nosa terra
levan un sabor salgado,
o mar fai o amor coa area
o ar bórralle o pecado.

A música pona a gaita
muiñeira de Chantada,
un arrepío me invade
cando soa unha alborada.

Rebolos e castiñeiros
que soñaron coa igualdade,
entre os bidueiros mestos
cantan pola liberdade.

Non te agoches cando fales
aturuxa canto queiras,
nin as máscaras puideron
co polbo das nosa feiras.

Quen queira facer queimadas
que sexan de augardente,
co conxuro ben votado
deixa a alma transparente.

Eses camiños de pedra
alguén tivo que sualos,
non deixemos que os estrague
quen non soubo conservalos.

Con arados de penurias
superou a emigración,
as carradas de labregas
levantaron a nación.

Os que medo nos meteron
danando sen ton nin son,
os que polo monte andamos
herdamos unha función.

Defender a nosa terra
herdada dende a raíz,
que as feridas de guerra
semore deixan cicatriz.

Os Ferreiros turran ferro
que se funde coa ensinanza,
a sanación da morriña
perdura pola labranza.

Eu vivín a ditadura
nunha escola en castelán,
hoxe defendo o galego
a FALA de Breogán.

Viva Galiza!!!!

Viana do Bolo 24 de xullo do 2020

Asdo.: Secundino Fernández Fernández

Alcalde de Viana do Bolo

